



**Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da mesa de contratación de "SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACION DOS CAMPOS DE FUTBOL.-**

Con data 11 de novembro 2013, ás 09,45 horas, reúnese a Mesa de Contratación do referido contrato aos efectos de apertura do sobre A- Documentación Administrativa- das empresas presentadas á licitación, que son:

- 1.- R.E. nº 9806 de 05/11/2013.- Mecano Sport, S.L., con enderezo en r/ Cesáreo González, 15, cp 36210 Vigo.
- 2.- R.E. nº 9807 de 05/11/2013.- M.S.R. Tracamon, S.L., con enderezo en Polígono Industrial Los Viveros, s/n - Guillarei.

Unha vez comprobada a documentación administrativa presentada polos licitadores, a Mesa de Contratación acorda requirir subsanación de documentación aos licitadores presentados, tal e como se reflicte na acta emitida.

Realizados os requirimentos citados ás empresas e presentada documentación aos efectos do seu cumprimento e seren admitidas á licitación, como continuación do expediente de contratación, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Convocar á Mesa de Contratación, en acto público, para o vindeiro, **xoves día 28 de novembro, ás 12,45 horas** para posta en coñecemento das empresas admitidas á licitación e apertura do sobre nº 2 OFERTA ECONÓMICA.

**SEGUNDO.-** Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.

**TERCEIRO.-** Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía dos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Tui a 26 de novembro de 2013.

O Alcalde-Presidente

Dou fe,  
A Secretaria do concello

Asdo. Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Irene Suárez López



## **EXCMO. CONCELLO DE TUI**

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Telef: 986 603 625 – Fax: 986 600 570

---